



ACTA Nº 2022/12

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do concello, luns 26 de decembro de 2022

No día de hoxe, ás 20:02 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D.^a María Jesús Barbeira Pose

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMIANZO

D. Francisco Javier Trillo Pazos

D. Manuel Lorenzo Hermida

PP

D. Francisco M. Calzas Suárez

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



Dna. Marta Rey traslada que por motivos laborais non poden asistir á celebración plenaria D. Manuel Lorenzo Hermida e D. Francisco Javier Trillo Pazos, asemade Dna. Raquel Rodríguez comunica que D. Francisco M. Calzas Suárez por motivos persoais tampouco pode asistir.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º.- Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2022.

B) Sección de control

2º.- Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 24-11-2022 con número 1468/2022 ata o día 21-12-2022 con número 1635/2022.

O Pleno do Concello douse por enterado.

3º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

4º. Rogos e preguntas.

Dna. Marta Rey roga se lle envíen os decretos de Alcaldía que foron a este pleno xa que non lle chegaron.

Outros concelleiros corroboran que sí lles chegaron.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que debe ser un erro técnico pero que se volverá a enviar de xeito inmediato.



Tamén pregunta sobre a limpeza das tuberías a raíz das chuvias e comenta que o Museo Terra de Melide enviou unha carta ós concellos con cruceiros co fin de facer unha marca común e pregunta se hai algo previsto.

Continúa preguntando sobre a licitación das escolas culturais e deportivas e sobre un problema que hai cunha persoa que entrena na escola deportiva e que falta ó respecto co seu comportamento.

A Alcaldesa-Presidenta contesta en relación coa limpeza de cunetas e tuberías que se está facendo o que se pode co persoal que hai e dado os temporais frecuentes que están entrando e que se hai algunha zona especialmente afectada, roga se lle comunique para dar prioridade.

En relación co tema dos cruceiros enviouse un técnico do concello á reunión prevista co fin de acadar o obxectivo trasladado.

En relación coas licitacións, traslada que se está preparando a documentación e a ver a primeiros de ano.

En relación co tema do comité de árbitros, xa está informada pola federación e se vai dar prioridade escoitando ás partes xa que chegou por un partido en concreto o manifestado por Dña. Marta Rey.

Non tendo máis asuntos que tratar, desexa felices festas e prospero ano 2023 e saúde para todos, sendo as 20:14 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz